

"O poder emprega o discurso posmoderno para atacar a disidencia"

Carlo Frabetti, matemático, autor de novelas para público infantil e adulto e articulista, abriu en Compostela o ciclo 'A información a debate', organizado polo Club Internacional de Prensa. O xoves 27 de marzo explicou na sede da Fundación Caixa Galicia, nunha conferencia que tiña por título O deber da información, que pasa cando os medios responden á lóxica do capital e é a cidadanía quen ten que asumir a produción de información.

Como se esperta a conciencia para deixar a recepción pasiva da información e responsabilizarse dela?

Fálase moito do dereito á información, pero agora mesmo non podemos queixarnos da falta (realmente é exceso). Cada vez está máis ao alcance de calquera: dende a casa ou un ciber podemos acceder a temas que antes só estaban ao alcance de investigadores. É responsabilidade de todos os que temos unha visión diverxente comunicárllelo aos demais. Os medios menten cada vez máis e de forma máis descarada. Hai que ser moi parvo ou estar moi cómodo para preferir non decatarse.

É posíbel facérmonos responsábeis da información cando o sistema nos educa para o contrario, para asumir acriticamente o que el mesmo produce?

Nos medios alternativos británicos teñen unha frase moi interesante: Don't hate the media, be the media. Hoxe é posíbel incidir realmente no tecido social. Antes farías uns panfletos na casa cunha multicopista, pero hoxe en día, mesmo a nivel audiovisual, calquera persoa pode difundir información a nivel internacional. Iso dános moita liberdade, pero tamén precisamente por iso nos confire responsabilidade.

Que papel desenvolven as tecnoloxías relacionadas coa imaxe na contrainformación?

O monopolio da imaxe está acabándose. Cada vez é máis doado difundirmos imaxes e contidos audiovisuais por internet. Por exemplo, as televisións de barrio teñen moita difusión en Italia: o seu alcance é moi limitado, pero chégaslle a unhas cantas persoas e difundes contidos relacionados co barrio. Houbo un congreso en Boloña hai dous anos onde se abordou a posibilidade de conectalas nunha gran rede.

Houbo unha serie de procesos que lle deron pulo á contrainformación: o 11 S, a invasión do Iraq, aquí, moi intensamente, o Prestige...

É moi flagrante cando a información ten que ver co que vives en directo: "os xornais sempre din a verdade menos cando un ten información de primeira man". A mal chamada Guerra do Golfo foi o detonante: unha cousa é terxiversar a realidade, pero aquí a realidade construíuse, directamente. Ao perpetrar un falseamento tan absoluto, as persoas que nos demos de conta mobilizámonos, foi un revulsivo. Ese crime máximo da información oficial puxo en marcha a contraofensiva. Contra o imperio (descargábel en nodo50.org) naceu de conversas coa miña rede de contactos, e deu lugar a unha páxina web. Hoxe xa hai unha serie de periódicos dixitais (La Haine, Nodo 50, Rebellion, Insurgente)...

Unha das vantaxes da rede é que remata por ser incontrolábel para o poder: censuraron a web da Asociación contra a tortura, pero hai vinte ligazóns máis onde atopala (<http://www.nodo50.org/actortura/>)

Esa é a forza que ten. Terían que tomar medidas realmente drásticas, ditatoriais, para poder controlala. Serían necesarios exércitos. Hai algo moi poderoso que está por riba dos poderes estabelecidos, é moi parecido ao que aconteceu coa imprenta: algo que era restrinxido e minoritario, a lectura, converteuse na alfabetización xeneralizada. Estamos nun camiño parecido: a colectivización do acceso aos medios.

Aproveitan os medios reaccionarios esa incontrolabilidade?

Por suposto, pero a xente, co seu criterio, crea os seus camiños de acceso e escolle. Hai xente que cre no que pon Libertad Digital? Sí, pero eu penso que son só as persoas que xa están convencidas ou que queren crer niso.

Chegou un momento en que deixou de escribir en medios impresos: censura ou decisión persoal?

Din que non hai censura, pero é que non é necesaria: Alfonso Sastre recibiu unha carta de El País que dicía que o seu artigo interesáralles moito, pero "por razóns de espazo e oportunidade, de momento" non a ían publicar, e anos despois díxéranme exactamente o mesmo. Censura explícita non hai, pero é peor: agora censúrase o propio concepto de censura, é metacensura.

Como de consciente (ou inconsciente) é (ou quere ser) a sociedade?

Hai un amplo sector da poboación que en parte non se decata e en parte non quere decatarse. Moita xente asume a idea de que ETA é o problema de España, frase repetida até a saciedade tanto por Aznar como por Bono (que teñen máis semellanzas que diferenzas), amais dalgunhas barbaridades cometidas por ETA que aínda reforzaron esa tese, até o punto de que teño pensado que un dos ideólogos de ETA é Aznar. Non se quere ir máis alá dunha visión superficial, porque iso obrigaría a reformularse moitas cousas, como a propia idea de democracia, estado de

dereito...

Chegar á conclusión de que o verdadeiro terrorista é o Estado é duro de asumir.

Por que tampouco hai unha resposta crítica da cultura, da "intelectualidade"?

A chantaxe do poder é moi dura, mesmo explícita, verbalizada: "comigo valo ter moi doado, sen min, valo ter moi difícil, e contra min... Afúndote". Eu teño a sorte de dedicarme á literatura infantil, se fixese outra cousa seguramente estaría afundido. Coñezo a moita xente que o está.

É a censura mediática parella á cultural?

Agora é difícil que che metan no cárcere... Boh, tampouco tan difícil. O caso é que ninguén che prohibe que escribas ou filmes o que queiras, pero a ver quen cho publica ou cho proxecta. Non é necesaria unha imposición directa, é un proceso que en bioloxía lle chaman converxencia evolutiva: os intereses do gran capital e os dos políticos son os mesmos, manter os privilexios dos ricos. Dos individuos ricos, das familias ricas, dos países ricos.

Escribía unha vez que as palabras non son as armas, senón tamén o botín. O capital emprega o discurso como ferramenta, ou máis ben aprópiase del?

O poder ten un empeño especial en resemantizar as palabras ao seu antollo, elabora un auténtico discurso literario, coas súas metáforas, metonimias e hipérboles. Os primeiros en facelo de xeito científico foron os nazis: igual que pensaron de forma científica e planificada o exterminio dun pobo, tamén pensaron na propaganda, na manipulación do discurso, do mesmo xeito. E cando din que a II Guerra Mundial a perderon os nazis, é falso: perdérona uns nazis. Os máis perigosos, os que tiñan a bomba atómica, aí os tes.

Uns dos termos máis deturpados son terrorismo e democracia, totalmente desfigurados, mesmo etimoloxicamente. Terrorismo significa dominación a través do poder. O auténtico terrorismo é o terrorismo de Estado. E a democracia non ten nada que ver con isto: escoller cada catro anos entre un desvergonzado riseiro e un desvergonzado malencarado...

Até que punto os discursos da posmodernidade nos acomodan no neoliberalismo?

Non é comodidade, senón directamente reafirmación: o discurso posmoderno é realmente moi agresivo e ben empregado polo poder. En primeiro lugar, para cargarse o marxismo, e calquera outro tipo de disidencia.

Cal é o grao de silenciamento da disidencia? Que acontece con discursos como os relacionados coa "memoria histórica"?

Eu reivindico a intelixencia histórica: non se trata de recordar fitos, senón de interpretar os feitos: as persoas morreron por algo, tiñan un proxecto. Para facer desaparecer un cadáver, podes metelo nunha foxa común ou metelo nun mausoleo. En toda esta farsa da memoria histórica esqueceron sistematicamente os dous grandes logros da República: a Fronte Popular e a Alianza de Intelectuais Antifascistas. As homenaxes son formas de enterrar definitivamente as cousas: "xa pasaron, xa están pechadas". Hai que romper esa lóxica perversa: antes, seres comunista era "cousa do demo", e agora "está desfasado". O discurso cambiou moi pouco, só que agora é máis sutil.

Que facer?

Convertérmonos non só en resistentes, senón tamén en axentes do discurso alternativo. Hai só dez anos, cando eu dicía que a tortura no Estado español é unha práctica sistemática e impune e a xente me dicía "non cho creo", non tiña xeito de demostrárllelo. Pero agora dígolles "entra en www.protecciontortura.org", e aí atoparás corenta asociacións, e a propia Amnistía Internacional ou os relatores da ONU cho afirman. Ponte a ler e verás que é verdade.